

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MANUEL FRAGA IRIBARNE

CURSO: CUARTO

MATERIA: Lingua inglesa

DEPARTAMENTO:

DATA: 10/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.
<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás.
<ul style="list-style-type: none"> ■ B3.2. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.
<ul style="list-style-type: none"> ■ B4.1. Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. ■ PLEB4.4. Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...). ■ PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.
<ul style="list-style-type: none"> ■ B5.6. Expresar e identificar localización de persoas, de obxectos e de lugares. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PLEB5.6. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ...).
<ul style="list-style-type: none"> ■ B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a

	<p>concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.</p> <ul style="list-style-type: none">■ PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.
--	--

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Os procedementos de avaliación estarán en función da metodoloxía empregada no terceiro trimestre pero seguirá baseándose nunha avaliación continua e formativa. O alumno/a non se verá perxudicado por esta avaliación e pola circunstancia excepcionais en que se aplica.
	Instrumentos: Participación e intervención do alumnado na Aula Virtual do centro. Tarefas planteadas e recibidas polo profesor en dita plataforma o no seu caso noutras alternativas.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A cualificación final do alumno/a estará baseada nas aprendizaxes levadas a cabo polo alumnado no 1º e 2º trimestres do curso ademais das actividades de recuperación, repaso e reforzo desenvolvidas no 3º trimestre, sempre e cando o alumno/a se vexa beneficiado. A calificación final tomará como base a obtida no 2º trimestre que se poderá ver incrementada en 1 punto aplicando os seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none">• Conexión do alumno a través da Aula Virtual do centro para a recepción, realización e entrega de tarefas na forma e prazos estipulados.• Realización de alomenos un 50% das tarefas propostas.• Realización de forma axeitada das tarefas. A nota final non poderá exceder de 10 puntos.
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentas	Criterios de avaliación: Os criterios de cualificación serán os mesmos que os indicados nesta programación con carácter xeral apoiándose en tarefas propostas de repaso e recuperación valorando especialmente a actitude, esforzo e realización das mesmas.
	Criterios de cualificación: Os criterios de cualificación serán os mesmos que os xa indicados con carácter xeral.

	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Rexistro da actividade do alumnado na Aula Virtual do centro. Realización por parte do alumno e corrección e cualificación das mesmas por parte do profesor.</p>
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Actividades de repaso, consolidación, recuperación dos contidos traballados no 1º e 2º trimestres. As fichas de traballo tratarán sobre o vocabulario, gramática, historias e expresión oral referidas a ditos contidos. Pequenos e sinxelos traballos de investigación.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Aproveitaremos as circunstancias para traballar o inglés tanto nos seus aspectos básicos (vocabulario, gramática, fonética...) como no uso real do idioma a través, non só de fichas básicas, se non tamén de de propostas de traballos de investigación e presentación dos mesmos. Usaranse as formas disponibles para contactar cos alumnos (Aula Virtual, Abalar Móbil, Whatsapp...)</p>
Materiais e recursos	<p>Fundamentalmente a Aula Virtual do centro e outras plataformas e recursos dixitais dispoñibles. Tamén os libros de texto usados habitualmente polos alumnos.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. O alumnado será informado fundamentalmente a través da Aula Virtual do centro, ben na propia proposta de tarefas a realizar como da mensaxería e o foro creado ao efecto. As familias serán informadas a través de Abalar Móbil, correo electrónico e a través da web do centro
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.